

GUÍA DE ACCESO Á PROBA OLS

As probas e os cursos **OLS** (En liña Language Support) atópanse aloxadas en **EU ACADEMY** (EUA), a plataforma de aprendizaxe da Unión Europea.

Para entrar en **EU ACADEMY** é necesario ter unha conta **EU LOGIN** (ver máis adiante información sobre esta conta) que é o servizo de autenticación de usuarios da Comisión Europea.

A proba de avaliación estará dispoñible para 24 idiomas e ofreceranse cursos para cinco linguas: alemán, español, inglés, francés e italiano, con niveis comprendidos entre A1 e B1.

O IDIOMA NO QUE TES QUE FACER A PROBA É O IDIOMA DE ENSINO NA INSTITUCIÓN DE DESTINO.

ACCESO A OLS

a) Crea a túa conta EU LOGIN

a) entra en <https://webgate.ec.europa.eu/tracesnt/login>

Utiliza a túa conta de **@uvigo.es**. Ao crear un **EU Login**, recibirás na conta de **@uvigo.es** un correo electrónico coa ligazón para crear o teu contrasinal.

Cando se accede por primeira vez á plataforma coa conta



EU Login pídeche aceptar os termos e condicións de uso. No caso de non confirmar que se permite á plataforma o tratamento de datos persoais non será posible o acceso.

" Activa e acepta os termos e condicións de uso"



Tutorial visual (en inglés) para crear a túa conta EU Login

"How to create an EU Login": <https://academy.europa.eu/mod/page/view.php?id=7817>

b) Accede a EU ACADEMY entrando en

<https://academy.europa.eu/local/euacademy/pages/course/community-overview.php?title=learn-a-new-language>

- **Idioma da interface:** Por defecto, o idioma da interface é o inglés, pero na esquina superior dereita (ver ① na ilustración) hai un despregable donde se pode cambiar para acceder ás instrucións que estean dispoñibles en español (hai páxinas que se atopan só en inglés)
- **Cando se accede por primeira vez é necesario seleccionar “Asóciate á Comunidade”** (Join community) (ver ② en ilustración). En sesións posteriores: no lugar de *Asóciate á comunidade* aparecerá *“Renova” (Resume)*




A continuación, pídeche identificarte coa túa conta EU Login


- Elixir idioma de aprendizaxe

Dentro da mesma páxina hai que **desprazarse cara abaixo** e **buscar a imaxe do idioma** para poder acceder á proba de avaliación e contidos de aprendizaxe.

Atención: se non se atopa o idioma na primeira páxina, hai que ir ao final da mesma y picar en “2” para acceder a algúns dos idiomas dispoñibles (ver ilustración)



Pica na ligazón da comunidade do idioma que che corresponde



Tras picar na ligazón da comunidade do idioma elixido accédese á páxina específica do idioma de aprendizaxe: “Comunidade de aprendizaxe e recursos en [idioma]”. Pincar en “Asóciate a la comunidade”.








Hai que desprazarse cara abaixo para poder acceder á proba de avaliación inicial *Placement Test*= *PRUEBA OLS*

A proba está composta por 55 preguntas, algunhas teñen audios e podes facer a proba tantas veces queiras

Unha vez realizada a proba, debes marcar **“Finalizar revisión”** para que marque o nivel obtido.



Podes acceder aos resultados **pícando na frecha situada xunto ao nome de usuario e abres a opción “Tablero” (dashboard en inglés)**



CURSOS DE IDIOMA

Unha vez realizada a proba de avaliación inicial (**Placement Test**) que permitirá coñecer o nivel de idioma, no despregable “Currículo” (Curriculum) o participante poderá seleccionar e acceder aos contidos de aprendizaxe máis axeitado as súas necesidades e nivel, así como a outros materiais específicos dispoñibles.

EXEMPLO: elixindo contidos de aprendizaxe xerais do nivel B2 (**Language learning Vantage or upper intermediate B2**) de italiano.

